



RESUMO DOS CAMBIOS PROPOSTOS NAS NORMATIVAS E REGULAMENTOS DA FGVb Temporada 2024-2025

NORMAS XERAIS DE COMPETICIÓN DE VOLEIBOL

Modificacións propostas:

- **Art. 2:** Actualización para a temporada 2024-2025 das datas de competición e idades que comprende cada categoría de idade.
- **Art. 19.1:** Modifícanse o número de licencias e seguros deportivos incluídos na inscrición dun equipo.

Texto antigo: “A inscrición dun equipo nunha competición oficial da FGVb leva asociado os dereitos de alta de licencias e seguros deportivos (para xogadores non cubertos por Xogade) ata 16 xogadores e 3 técnicos.”

Texto modificado:” A inscrición dun equipo nunha competición oficial da FGVb leva asociado os dereitos de alta de licencias e seguros deportivos (para xogadores non cubertos por Xogade) ata 14 xogadores e 2 técnicos.”

- **Art. 29.10:** Modifícase a asignación das prazas para o Campeonato de España.

Texto antigo: “No caso de que Galicia teña asignadas dúas ou mais prazas para a fase correspondente as categorías sénior, Júnior, xuvenil, cadete, infantil e alevín organizada pola RFEVB (Fase de Ascenso a Primeira División Nacional ou Campeonatos de España) unha das prazas será asignada o campión da liga regular de Primeira División de cada categoría. No caso de que este equipo quede primeiro na fase final a praza será adxudicada aos segundo clasificado da liga regular de Primeira División. O resto de prazas adxudicaranse segundo o orde da Fase Final.”

Texto modificado: “O equipo gañador da fase final de cada categoría terá a praza para representar a Galicia na fase organizada pola RFEVB (Fase de Ascenso a Primeira División Nacional ou Campeonatos de España), correspondente ás categorías sénior, júnior, xuvenil, cadete, infantil, alevín e benxamín. No caso de ter dúas ou mais prazas a segunda das prazas será asignada o campión da liga regular de Primeira División da categoría. No caso de que este equipo quedara tamén primeiro na fase final a praza será adxudicada ao segundo clasificado da liga regular de Primeira División. O resto de prazas adxudicaranse segundo o orde da fase final.”

- **Anexo I:** Actualización do cadro de datas das competicións.
- Con carácter xeral modificáronse todas aquelas referencias á temporada 2023-2024 para actualizalas á temporada 2024-2025.

NORMAS ESPECÍFICAS DE COMPETICIÓN DE VOLEIBOL

Modificacións propostas:

- Modificación das Normas Específicas das **Primeiras Divisións**, engadindo unha segunda fase para os seis últimos clasificados da liga regular, e eliminando o seguinte texto do punto 2: “na categoría Alevín estruturarase en formato de liga a catro voltas, sendo obrigatorio xogar no mesmo día os dous partidos de cada volta contra o mesmo equipo)”
- Modificación das Normas Específicas das **Segundas Divisións**, engadindo unha segunda fase, e eliminando o seguinte texto do punto 2: “na categoría Alevín estruturarase en formato de liga a catro voltas, sendo obrigatorio xogar no mesmo día os dous partidos de cada volta contra o mesmo equipo)”.
- **Anexo I:** Actualización do cadro de datas das competicións.
- Con carácter xeral modificáronse todas aquelas referencias á temporada 2023-2024 para actualizalas á temporada 2024-2025.

NORMAS ESPECÍFICAS DE COMPETICIÓN DE VÓLEI NEVE

Modificacións propostas:

- Con carácter xeral modificáronse todas aquelas referencias á temporada 2023-2024 para actualizalas á temporada 2024-2025.

NORMAS XERAIS DE COMPETICIÓN DE VÓLEI PRAIA

Modificacións propostas:

- **Art. 2:** Actualización para a temporada 2024-2025 das datas de competición e idades que comprende cada categoría de idade.
- **Art. 8:** Modificación do modelo de balón de xogo oficial.
- **Art. 11:** Actualización do custe por quilometraxe de 0,19€/km a 0,26€/km.
- **Art. 12:** Actualización co custe das licencias de árbitros e anotadores.
- Con carácter xeral modificáronse todas aquelas referencias á temporada 2023-2024 para actualizalas á temporada 2024-2025.

NORMAS ESPECÍFICAS DE COMPETICIÓN DE VÓLEI PRAIA

Modificacións propostas:

- Con carácter xeral modificáronse todas aquelas referencias á temporada 2023-2024 para actualizalas á temporada 2024-2025.

REGULAMENTO DE ENCONTROS E COMPETICIÓN

Modificacións propostas:

- **Art. 24.7:** Modificación do texto referido ao acceso a instalación onde se disputen encontros de carácter oficial.



Texto engadido: “Os campos onde se dispute un encontro oficial de voleibol, vólei praia ou vólei neve da máxima división de cada categoría, terán que dispor obrigatoriamente dun espazo destinado ao público e de libre acceso. No caso de que o acceso se faga mediante o uso de abonos, entradas ou sistemas de control e/ou reserva similares, deberá ofertarse ao club rival un espazo nas condicións que a normativa establece o respecto, cun mínimo de 5 días laborais a celebración do encontro e con 48 horas de antelación para dar resposta.”